

1. E te-lo sombreiro torto  
pódelo poñer a dreito  
anque che son moreniña,  
eu por ti non me axuxeito.

2. Chamáchesme moreniña,  
sonche do polvo da i-eira,  
se me miras en domingo,  
nin a rosa na roseira!

3. As mozas hai que miralas  
de día pola semana  
de noite y al acostarse,  
y al levantarse de cama.

4. I-o cura chamoume rosa,  
i eu tamén lle respondín-he,  
destas rosas, señor cura,  
non as ten no seu xardín-he.

5. Ai, qué noite va la luna  
para ir a los limones,  
a la huerta de mis padres,  
al jardín de mis amores.

6. Para a somana que ven-he  
i-hei d' ara-la miña roza,  
reg'h' abaix' e reg'h' arriba  
ca miña vaquiña roxa.

*E vai de coñiña  
e vai de coña  
e vai de coñiña  
e a noite toda  
A noite toda  
e a noite toda,  
e vai de coñiña  
e vai de coña.*

7. Esta noite hei d' ir aló-e,  
terásm' as pernas lavadas  
ou hei dormir entre elas  
ou morrer a puñaladas.

*E vai de coñiña...*

*E teno a nai,  
e teno a filla,  
e tamén o ten  
a nosa veciña,  
i a nosa veciña,  
a nosa veciña,  
e teno a nai,  
e teno a filla.*

8. Eí vén o meu mangallón-he,  
eí vén o meu mangallón-he  
cunha corre de carballo  
atada i-ó pantalón-he.

9. Moreniña e a máis ben-he  
Moreniña e a máis ben-he,  
es ameghiña dos homes  
como o boi do alcacén-he.

10. [...] como o boi do alcacén-he  
moreniña e a máis ben-he  
Moreniña e a máis ben-he.

11. [Ándanlle ghar]dando a filla,  
non a deixa, non lla quere,  
a i-herba cando vai vella  
i-o gando n' a quer comer-e.

12. Cando pases por cabo miña  
pregunta como me vai-e  
qu' aghora xa lle pasou-e  
o anoxo a meu pai-e.



13. [As ver]zas da miña i-horta  
saltan por riba do valo  
así lle salten os ollos  
as quen me trae marmulado.

14. I-o río cando vai cheio  
leva carballos e follas  
tamén puido lovar linguas  
daquelas marmuladoras.



*E ti que o tés,  
n' o podes negbar  
que cho vin no río  
cando iba lavar  
que cho vin no río  
cando iba lavar.*



Museo  
do Pobo  
Galego

*E telo, e telo,  
e n' o queres dar  
ao que seas vella,  
i-ha-lo reghalar.  
Ha-lo reghalar,  
ha-lo de vender  
pero a ti, neniña,[?]  
i-eu non cho hei crer.*



instituto de  
estudos das  
identidades

15. [Se casar] casa ca vella  
non sei que ghusto ll' atopa  
ai, cando se deita hai aire,  
cando se levanta “iopa!”.
16. No sei que ten a morena,  
no sei qu' a morena ten-he,  
no sei que ten a morena,  
qu' a todos lle ghusta ben-he.
17. Anque somos de Ghaleghos,  
somos e o podemos ser-e  
metémo-los pés na i-aughua  
non se nos quera volver-e.
18. A parroquia de Ghaleghos  
é roín porque a fan-he  
se lle botan a semilla  
ighual dá i-o azafrán-he.